

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HA DE REXER A ADXUDICACIÓN POR CONCURSO DE DÚAS LICENZAS DE TAXI NO CONCELLO DE VEDRA
EXPEDIENTE NÚM. 2024/V014/000001

CLAÚSULA PRIMEIRA .OBJECTO

Constitúe o obxecto do presente prego a adxudicación por concurso público de título habilitante para a prestación de servizos urbanos de taxi (licenzas de taxi nº 3 -vehículo adaptado e núm. 4) no Concello de Vedra, previo informe do Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia de data 08.03.2024, de conformidade con:

- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia
- Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos transportes terrestres, e regulamento da mesma, aprobado por Real Decreto 1211/1990, de 28 de setembro
- Regulamento Nacional dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo
- Real Decreto 1544/2007, de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade

O obxecto do concurso identifícase co código CPV: 60120000 (Servizos de taxi)

CLAÚSULA SEGUNDA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación das licenzas será o concurso público, con pluralidade de criterios de adxudicación, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación.

Para a valoración das proposicións atenderase a varios criterios, entre os cales se valorará de modo preferente

CLAÚSULA TERCEIRA. PERFIL DO CONTRATANTE

Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co Perfil do Contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondeestado.es>)

CLAÚSULA CUARTA. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Serán requisitos para a presentación de solicitudes os seguintes, de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 4/2013, de 30 de maio:

a) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b) Acreditar a titularidade dun vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.

c) Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente

d) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente

e) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente

CLÁUSULA QUINTA. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

5.1.- Condicións previas

As solicitudes dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen o concurso , e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo solicitante do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha solicitude

5.2.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Para a licitación da concesión da licenza de taxi non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos, debido a que non todos os aspirantes dispoñen de medios adecuados, de acordo co establecido na Disposición adicional decimoquinta da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro (LCSP)

As solicitudes presentaranse **NECESARIA E ÚNICAMENTE** no Rexistro Xeral do Concello de Vedra, sito na AVd. M. M. Gómez Lorenzo nº 1 –Vedra, en horario de atención ao público (de 09:00 -13:00 horas), dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante, de conformidade co disposto no artigo 159.4 da LCSP. Non se admitirá ningunha proposición que non estea fisicamente no indicado Rexistro Xeral ás 13:00 horas do día en que remate o prazo de presentación das mesmas.

5.3.- Información aos licitadores

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria á que se refire o artigo 138 da LCSP, o concello deberá facilitada , polo menos, cinco días antes de que remate o prazo fixado para a presentación de proposicións, sempre que dita petición se presentara cunha antelación mínima de dez días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase a través da plataforma de contratación do sector público, ou ben a través do correo: contratación@concellodevedra.gal

5.4.- Contido das proposicións

As solicitudes para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “solicitude para concorrer á adxudicación de dúas licenzas de taxi”

A denominación dos sobres é a seguinte:

Sobre A: Documentación Administrativa

Sobre B: Documentación avaliable de forma automática

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos:

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, de ser o caso, a representación
 - a.1) os que comparezan ou asinen proposicións en nome d outro, acreditarán a súa representación de calquera modo adecuado en dereito
 - a.2) Se o licitador fose persoa xurídica , este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente
 - a.3) Igualmente a persoa con poder bastante a efectos de representación , deberá achegar fotocopia compulsada administrativamente ou testimonio notarial do seu documento nacional de identidade

b)Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, incluídas as do Concello de Vedra, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

Presentarase conforme ao modelo que figura como Anexo I ao presente prego.

SOBRE B: DOCUMENTACIÓN AVALIABLE DE FORMA AUTOMÁTICA

Presentarse conforme ao modelo que figura como Anexo II ao presente prego

CLÁUSULA SEXTA. PUBLICIDADE

Diligencia: o presente prego foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 489/24 de data 18.07.2024

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do concello (<https://sede.vedra.es>), ao obxecto de que os interesados e as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de 15 días (Artigo 10 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo)

CLÁUSULA SÉTIMA . CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

CRITERIO	FORMA DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Antigüidade como condutor/a de taxi	0,10 puntos/mes natural completo acreditado de xeito suficiente	6,00 puntos
Dedicación previa como taxista	0,10 puntos por mes cotizado con dedicación a xornada completa acreditado de xeito suficiente (para caso de xornadas parciais acumularanse as horas parciais ata completar días enteiros)	5,00 puntos
Por estar empadroado no Concello de Vedra	*Máis de 5 anos consecutivos: 5,00 puntos *De 2 a 5 anos consecutivos: 3,00 puntos *Menos de 2 anos consecutivos: 1,00 puntos	5,00 puntos
Compromiso de adscribir un vehículo á licenza solicitada que estea adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida	1,00 punto	1,00 punto
Compromiso de adscribir un vehículo á licenza solicitada que teña sete prazas ou máis	1,00 punto	1,00 punto
Que a licitadora sexa unha muller	1,00 punto	1,00 punto
Que a dedicación ofertada sexa a tempo completo	1,00 punto	1,00 punto
Por coñecemento do termo municipal, arredores,vías públicas, lugares de interese turístico, oficinas públicas e itinerarios máis directos ao seu punto de destino	Acreditarase mediante entrevista persoal	10,00 puntos
TOTAL		30,00 PUNTOS

No caso de empate de puntuación entre licitadores, resolverase por sorteo.

CLÁUSULA OITAVA.- GARANTÍAS

Atendendo as circunstancias concorrentes nesta licitación e tratarse dun procedemento de adxudicación de licenzas, non se esixe a constitución de garantías

CLÁUSULA NOVENA. ÓRGANO DE ASISTENCIA

Para asistir ao órgano competente para a adxudicación das licenzas e efectuar a cualificación da documentación administrativa e valoración das solicitudes constituirase un órgano de asistencia, que actuará conforme ao previsto no artigo 326 da LCSP.

O órgano de asistencia estará integrado polas persoas seguintes:

Presidente : Alcalde ou persoa en quen delegue

Vogais: dos vogais designados pola Alcaldía

1 experto na materia

Secretaria: a da corporación ou funcionaria en quen delegue

CLÁUSULA DÉCIMA. APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

O órgano de asistencia constituirase tras a finalización do prazo de presentación de proposicións e transcorrido o prazo de publicidade previsto na cláusula sexta deste prego e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres A. Se fose necesario concederá un prazo non superior a tres días naturais para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables detectados na documentación presentada.

A valoración das proposicións realizarase en dúas fases:

Fase I: Valoración dos criterios avaliados de forma automática (Sobre B): 20,00 puntos

Fase II: Entrevista persoal: 10,00 puntos

No caso de non detectar defectos u omisións na documentación administrativa, procederase de seguido á apertura e exame en acto público, dos sobres B, que conteñen a documentación avaliada de forma automática

Unha vez rematada a valoración dos criterios realizarase unha entrevista persoal, sobre o coñecemento do termo municipal, arredores, vías públicas, lugares de interese turístico, oficinas públicas e itinerarios máis directos ao seu punto de destino

Por último procederá a elevar ao órgano de adxudicación a proposta de adxudicación das dúas licenzas

O órgano de asistencia poderá solicitar cantos informes técnicos considere necesarios en relación ao obxecto da licitación, antes de realizar a proposta de adxudicación

O órgano de adxudicación requirirá aos licitadores que obteñan a puntuación máis alta para que no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte en que houberen recibido o requirimento, presenten a seguinte documentación:

Diligencia: o presente prego foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 489/24 de data 18.07.2024

- a) Documentación acreditativa do cumprimento das condicións de participación indicadas na cláusula cuarta
- b) Permiso de conducir de clase B ou superior (art. 4.2 do R.D. 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores)
- c) Acreditación da titularidade e disposición efectiva do vehículo, xunto coa documentación acreditativa de que reúne as condicións e características previstas no art. 25 da lei 4/2013, do 30 de maio, e arts. 28 e 29 do Decreto 108/2018, do 13 de setembro)
- d) Póliza acreditativa da vixencia do seguro obrigatorio do vehículo e xustificante de pago da prima do período de seguro en curso

De non cumprírense adecuadamente o requirimento no citado prazo entenderase que o licitador retira a súa oferta e procederase a requirir a mesma documentación ao seguinte licitador, por orde de no que quedaran clasificadas as ofertas

CLÁUSULA UNDÉCIMA. ADXUDICACIÓN

A prestación do servizo de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ao seu titular para exercer a actividade (licenza de taxi a autorización interurbana de taxi)

Existirá unha vinculación entre licenzas de taxi e autorización interurbanas de taxi, sendo preciso dispoñer de ambos títulos para a realización da actividade

Con carácter previo á que se resolva a adxudicación da licenza de taxi, o Concello remitirá, unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos previos, a proposta de resolución á Dirección Xeral da Xunta de Galicia competente en materia de transportes xunto coa documentación das persoas seleccionadas, a fin de que no prazo máximo de tres meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular da autorización interurbana de taxi. Unha vez emitido o citado informe, o concello, de modo congruente co disposto no mesmo, resolverá o concurso, adxudicando as correspondentes licenzas de taxi que inscribirá no Rexistro de Títulos Habilitantes (Orde do 30 de xaneiro de 2015, pola que se crea o Rexistro de Títulos Habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia).

Deseguido a Xunta de Galicia outorgará de maneira automática a autorización interurbana de taxi.

A efectos de unificar o principio de vixencia dos dous títulos habilitantes, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.- DEREITOS E OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA

No prazo máximo dun mes dende a notificación da autorización interurbana de taxi, o seu titular virá obrigado a dar inicio efectivo o exercicio da actividade e co vehículo afecto á mesma (Art. 3.2.f do Decreto 103/2018, do 13 de setembro)

Os dereitos e obrigas do titular da licenza son os que nacen deste prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo concello, así como os derivados da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS

A persoa adxudicataria deberá respectar a normativa vixente en materia de protección de datos; Como encargada do tratamento de datos, en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, debe tratar os datos persoais aos que teña acceso de forma que garante unha seguridade axeitada incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas u organizativas apropiadas de conformidade co establecido na Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Esta obriga é complementaria dos deberes de secreto profesional e subsistirá aínda que rematase o contrato co responsable do tratamento dos datos (concello)

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS E JURISDICIONAIS

A presente licenza de taxi e licitación ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público, así como as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, resolución e efectos desta licenza, así como do procedemento de licitación, serán resoltos polo órgano de adxudicación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa. Contra os mesmos pode interperse recurso potestativo de reposición, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei Reguladora de dita xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados a partir da notificación do acordo.

(documento asinado dixitalmente)

**ANEXO I.- DECLARACIÓN RESPONSABLE
(EXPEDIENTE 2024/V014/000001)**

D/Dª....., con domicilio a efectos de notificación en..... con NIF núm., en representación da entidade con CIF, a efectos da participación da licitación da adjudicación de dúas licenzas de taxi por parte do Concello de Vedra

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO.- Que se dispón a participar na licitación mediante concurso público para a adjudicación dunha licenza de taxi (RISCAR A QUE PROCEDA) por parte do Concello de Vedra, cuxo prego que serve de base á licitación coñece e acepta integramente

Licenza núm. 3 (Vehículo adaptado):
Licenza núm. 4

SEGUNDO.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares para ser adjudicatario, en concreto (riscar o que proceda)-

- Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE , do 26 de febreiro (LCSP)
- Que de resultar proposta para a adjudicación acreditará ser titular dun vehículo turismo ao que vai adscribir a licenza de taxi en calquera réxime de utilización xuridicamente válido, que cumpre os requisitos previstos no art. 25 da lei 4/2013, do 30 de maio, e nos artigos 28 e 29 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro
- Que se atopa capacitado para o exercicio da actividade, estando en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior (Art. 4.2 do Real Decreto 818/2009, do 8 de maio)
- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente
- Que non superas o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular (Art. 9 da lei 4/2013, do 30 de maio)



TERCEIRO.- Que a dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións é a seguinte:

As circunstancias relativas ao cumprimento de requisitos e ausencia de prohibicións de contratar aos que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de solicitudes e subsistir no momento da adxudicación da licenza

CUARTO.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario da licenza no prazo que sexa requirido para iso

(Lugar, data e sinatura do declarante)

Diligencia: o presente prego foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 489/24 de data 18.07.2024

**ANEXO II (MODELO DE PROPOSICIÓN)
(EXPEDIENTE NÚM. 2024/V014/000001)**

D/D^a....., con domicilio a efectos de notificación en..... con NIF núm., en representación da entidade con CIF, a efectos da participación da licitación da adxudicación de dúas licenzas de taxi por parte do Concello de Vedra

FAI CONSTAR:

CRITERIO	FORMA DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	A cubrir polo participante
Antigüidade como condutor/a de taxi	0,10 puntos/mes natural completo acreditado de xeito suficiente	6,00 puntos	
Dedicación previa como taxista	0,10 puntos por mes cotizado con dedicación a xornada completa acreditado de xeito suficiente (para caso de xornadas parciais acumularanse as horas parciais ata completar días enteiros)	5,00 puntos	
Por estar empadroad no Concello de Vedra	*Máis de 5 anos consecutivos: 5,00 puntos *De 2 a 5 anos consecutivos: 3,00 puntos *Menos de 2 anos consecutivos: 1,00 puntos	5,00 puntos	
Compromiso de adscribir un vehículo á licenza solicitada que estea adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida	1,00 punto	1,00 punto	(Riscar o que proceda) SI NON
Compromiso de adscribir un vehículo á licenza solicitada que teña sete prazas ou máis	1,00 punto	1,00 punto	(Riscar o que proceda) SI NON
Que a licitadora sexa unha muller	1,00 punto	1,00 punto	(Riscar o que proceda) SI NON
Que a dedicación ofertada sexa a tempo completo	1,00 punto	1,00 punto	(Riscar o que proceda) SI NON
TOTAL		20,00 PUNTOS	

Diligencia: o presente prego foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 489/24 de data 18.07.2024



--	--	--